



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

**CELSO RODRÍGUEZ PADRÓN, SECRETARIO XERAL DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL,**

**CERTIFICO: QUE O PLENO DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, NA SÚA REUNIÓN DO DÍA DA DATA, APROBOU O INFORME AO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA O PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE EUSKADI, SENDO DO SEGUINTE TEOR LITERAL:**

## I

### ANTECEDENTES

Con data 18 de agosto de 2005 tivo entrada no Rexistro do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) o texto do proxecto de Decreto polo que se regula o proceso de normalización lingüística da Administración de Xustiza na Comunidade Autónoma de Euskadi, remitido polo Departamento de Xustiza, Emprego e Seguridade Social do Goberno Vasco, a efectos da emisión do preceptivo informe.

A Comisión de Estudos e Informes, na súa sesión do día 12 de setembro de 2005, acordou designar Relator ao Excmo. Sr. Vocal D. José Luis Requero Ibáñez, e en reunión de data 26 de setembro de 2005 aprobou o presente informe, acordando a súa remisión ao Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

## II

### **CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE A FUNCIÓN CONSULTIVA DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL**

A función consultiva do Consello Xeral do Poder Xudicial contéplase no artigo 108.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial; en concreto o seu apartado e) determina que dita función ten por obxecto os anteproxectos de leis e disposicións xerais do Estado e das Comunidades Autónomas que afecten total ou parcialmente, entre outras materias expresadas no citado precepto legal, a *“normas procesuais ou que afecten a aspectos xurídico-constitucionais da tutela ante os Tribunais ordinarios do exercicio de dereitos fundamentais e calquera outra que afecte á constitución, organización, funcionamento e goberno dos Xulgados e Tribunais”*.

Á luz desta disposición legal, nunha correcta interpretación do alcance e sentido da potestade de informe que nela se recoñece ao Consello Xeral do Poder Xudicial, o parecer que lle corresponde emitir sobre o Proxecto remitido deberá limitarse ás normas substantivas ou procesuais que nel se inclúen especificamente, evitando calquera consideración sobre cuestións alleas ao Poder Xudicial ou ao exercicio da función xurisdiccional que este ten encomendada.

Non obstante a aludida limitación material da potestade de informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, a función consultiva deste órgano constitucional foi entendida, en principio, en termos amplos. Así, o Consello Xeral do Poder Xudicial veu delimitando o ámbito da súa potestade de informe partindo da distinción entre un ámbito estrito, que coincide en termos literais co ámbito material definido no citado artigo 108.1.e) da Lei Orgánica do Poder Xudicial, e un ámbito ampliado, que se deriva da posición deste Consello como órgano constitucional de



#### CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

gobierno do Poder Xudicial. Dentro do primeiro ámbito, o informe que debe emitirse deberá referirse, de maneira principal, ás materias previstas no precepto citado, eludindo, con carácter xeral polo menos, a formulación de consideracións relativas ao contido do Proxecto en todas as cuestións non incluídas no citado artigo 108 da Lei Orgánica do Poder Xudicial. En canto ao ámbito ampliado, o Consello Xeral do Poder Xudicial resérvase a facultade de expresar o seu parecer tamén sobre os aspectos do anteproxecto que afecten a dereitos e liberdades fundamentais, en razón da posición prevalente e da eficacia inmediata de que gozan por disposición expresa do artigo 53 da Constitución. Neste punto debe partirse especialmente dos pronunciamentos do Tribunal Constitucional, na súa condición de intérprete supremo da Constitución, cuxas resolucións ditadas en todo tipo de procesos constitúen a fonte directa de interpretación dos preceptos e principios constitucionais, vinculando a todos os xuíces e tribunais, consonte ao disposto no artigo 5.1 da Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Ademais do anterior, e con arranxo ao principio de colaboración entre os órganos constitucionais, o Consello Xeral do Poder Xudicial veu indicando a oportunidade de efectuar nos seus informes outras consideracións, relativas, en particular, a cuestións de técnica lexislativa ou de orde terminolóxica, co fin de contribuír a mellorar a corrección dos textos normativos e, por conseguinte, á súa efectiva aplicabilidade nos procesos xudiciais, por canto son os órganos xurisdicionais os que, en última instancia, deberán aplicar posteriormente as normas sometidas a informe deste Consello, unha vez aprobadas polo órgano competente.

#### V.

### **ESTRUTURA E CONTIDO DO PROXECTO**

O Proxecto de Decreto que se examina está integrado por unha breve exposición de motivos, vintecinco artigos divididos en oito Capítulos, seis



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

disposicións adicionais, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria e unha disposición final.

A exposición de motivos do Proxecto pon de manifesto que, en virtude do Decreto 60/1996, de 26 de marzo se traspasou á Comunidade Autónoma o persoal ao servizo da Administración de Xustiza nos termos establecidos nos Reais Decretos 249/1996, de 12 de febreiro e 296/1996, de 23 de febreiro, polos que se aproban os Regulamentos Orgánicos dos Corpos de oficiais, auxiliares e axentes ao servizo da Administración de Xustiza e do Corpo de médicos forenses, respectivamente.

O Decreto 117/2001, de 26 de xuño, de medidas para a normalización lingüística da Administración de Xustiza na Comunidade Autónoma de Euskadi, que tiña por finalidade establecer os criterios para a asignación de perfís lingüísticos nos cadros de persoal dos Corpos de Oficiais, Auxiliares e Axentes da Administración de Xustiza, e nas relacións de postos de traballo do Corpo de médicos forenses. O propio Decreto establecía que unha eventual modificación do estatuto xurídico do persoal determinaríaa unha revisión do plan de normalización lingüística, para realizar aquelas adecuacións que fosen procedentes.

A modificación efectuada pola Lei Orgánica do Poder Xudicial a través da Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro, cuxo Libro VI ten por obxecto a determinación do Estatuto Xurídico dos Corpos afectados, especialmente dos Corpos de Xestión procesual e administrativa, Tramitación procesual e administrativa, Auxilio Xudicial e médicos forenses, no que se inclúen os artigos 520 e seguintes que permiten a singularización de postos cando a esixencia do coñecemento da lingua propia en determinadas Comunidades Autónomas se derive das funcións concretas asignadas aos mesmos, esixe a aprobación dun novo Decreto regulador do proceso de normalización lingüística na Administración de Xustiza.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

A exposición de motivos pon ademais de manifesto que na Administración de Xustiza non se puido iniciar ata a data un auténtico proceso de asignación de perfís lingüísticos na provisión dos postos de traballo nin establecer unha planificación con pautas temporais na asignación de preceptividades. Por esta razón, adóptanse unha serie de medidas que posibiliten dito tránsito a unha situación máis normalizada en materia lingüística e, como consecuencia da reforma da Lei Orgánica do Poder Xudicial operada pola Lei Orgánica 19/2003, créanse postos de responsables que deberán ser dotados e cubertos por primeira vez. Lémbrese tamén que o artigo 471, modificado pola Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro, habilita ás Comunidades Autónomas con competencias na materia para aprobar os regulamentos que esixa o desenvolvemento do devandito Libro VI. En base ao mencionado marco normativo, dítase o presente proxecto de Decreto.

O Capítulo I do Proxecto de Decreto, integrado polos artigos 1 a 3 contén as Disposicións Xerais. No mesmo dispónse que o obxecto da norma é a regulación do proceso de normalización lingüística da Administración de Xustiza na Comunidade Autónoma de Euskadi, que se verá completada posteriormente mediante a aprobación dun Plan de normalización do emprego do éuscaro na Administración de Xustiza en Euskadi (artigo 1).

O ámbito de aplicación do Proxecto, segundo o artigo 2, esténdese aos funcionarios dos Corpos de persoal ao servizo da Administración de Xustiza, en concreto: Corpo de Xestión Procesual e Administrativa, Corpo de Tramitación Procesual e Administrativa, Corpo de Auxilio Xudicial e Corpo de Médicos Forenses.

De conformidade co artigo 3, as medidas para a normalización lingüística se regulan nas seguintes esferas:



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

- a) Ordenación da asignación de perfís lingüísticos a todos os postos da Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza, así como no seu caso a data de preceptividade.
- b) Catalogación, a estes efectos, dos distintos tipos de unidades e subunidades así como a súa priorización, tomando como base a relación directa coa cidadanía e o Índice de Obrigado Cumprimento (IOC) regulado no propio Decreto, correspondente ao ámbito de actuación de cada órgano e servizo xudicial e/ou fiscal ou nos servizos xerais.
- c) Regulación da provisión de cursos de capacitación lingüística en éuscaro, atendendo ao proceso de asignación de perfís e datas de preceptividade.
- d) Regulación de programas de emprego do éuscaro nas oficinas xudiciais, fiscais e servizos comúns.
- e) Constitución funcional de unidades, subunidades ou dotacións administrativas bilingües en todos os órganos xudiciais e servizos comúns como tipos de unidades dende a perspectiva lingüística.

No precitado artigo e dende o punto de vista lingüístico, clasifícase a planificación en diferentes ordes de prioridades, distinguindo entre: a) Unidades prioritarias, onde se inclúen as unidades de información ao público situadas en Partidos Xudiciais cuxo IOC é superior ao 50% e os Servizos Comúns de Actos de Comunicación, que se priorizan en función da súa maior ou menor relación co público e ol nivel sociolingüístico da demarcación xudicial; b) Unidades Xerais, que inclúe o resto dos Servizos, unidades ou subunidades e c) Unidades singulares, que son as de menor relación co público: arquivos, servizos de patoloxía, mensaxería etc. Dispónse ademais que as Unidades Prioritarias poderán recibir o carácter de Unidades Bilingües cando todos ou case todos os integrantes da mesma sexan euskaldunes.



#### CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O Capítulo II, relativo a “Perfís Lingüísticos” dispón no seu artigo 4 que os niveis de competencia lingüística en éuscaro a considerar para a provisión de postos integrantes do ámbito de aplicación do Proxecto son os perfís 2, 3 e 4 regulados no Decreto 86/1997, de 15 de abril. Este perfil lingüístico, así como no seu caso a data de preceptividade, figurará nas relacións de postos de traballo e, nos supostos en que así veña determinado nas correspondentes relacións de postos de traballo, o coñecemento do éuscaro será requisito indispensable. No resto dos casos valorarase como mérito nos termos previstos na Lei Orgánica do Poder Xudicial e no Real Decreto de Acceso aos Corpos contemplados no presente Proxecto.

O artigo 5 establece a correspondencia a efectos de asignación de perfil lingüístico, que será a seguinte: Auxiliares xudiciais 2; Tramitadores 2; Xestores 3; Médicos Forenses 3 ou 4 segundo se determine na relación de postos de traballo.

Nos artigos 6 e 7 determínase que a asignación do perfil lingüístico e data de preceptividade se realizará polo Departamento competente en materia de xustiza, previa consulta ás organizacións sindicais máis representativas. O número e distribución dos perfís lingüísticos e datas de preceptividade adecuarase aos obxectivos e prioridades establecidos no seguinte Capítulo.

O Capítulo III contempla os “Obxectivos e Prioridades”, dispoñendo no seu artigo 8 que o proceso de asignación de perfís lingüísticos se realizará nun período de 6 anos dividido en dúas etapas trienais, ao final das cales se realizará unha avaliación para comprobar o nivel de cumprimento dos obxectivos e realizar as modificacións convenientes.

O artigo 9 dispón que a porcentaxe de dotacións de postos de traballo que deba contar con perfil lingüístico preceptivo ao termo das dúas etapas trienais non será inferior ao IOC correspondente. O precepto determina ademais a fórmula de obtención do IOC.



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O artigo 10 determina que a aplicación do IOC de cada demarcación xudicial se realizará no conxunto das unidades de apoio directo ao xuíz correspondentes a unha mesma orde xurisdiccional e grao e en cada un dos servizos comúns existentes na demarcación, aínda que no Tribunal Superior de Xustiza e nas Audiencias Provinciais, dita aplicación se realizará sobre o conxunto constituído polo correspondente órgano e os servizos comúns e servizos de apoio que dependen do mesmo.

No artigo 11 matízase que, sen prexuízo da consecución ao termo do período de planificación, do obxectivo mínimo indicado polo IOC en cada un dos órganos e ámbitos indicados, a intensidade do proceso de asignación de perfís preceptivos non terá por que ser coincidente en todos os órganos e ámbitos, contemplando a designación de diferentes graos de prioridade dependendo das funcións que correspondan a cada servizo. O mesmo precepto contempla ademais a adopción de medidas de impulso para que nos órganos e servizos prioritarios o éuscaro poida empregarse tanto como lingua de servizo, como lingua de traballo, a cuxo efecto, os que estean destinados en ditos órganos e servizos terán preferencia na asignación de cursos de capacitación lingüística.

No artigo 12 determínanse os aspectos a valorar para determinar os postos aos que corresponde asignar data de preceptividade, entre estes aspectos inclúense: a relación directa coa cidadanía, o grao de responsabilidade do posto, a importancia do peso da linguaxe nas tarefas a realizar, o maior grao de autonomía do posto e a frecuencia e características das relacións que se desenvolven no desempeño do posto de traballo. Inclúese ademais unha ampla determinación dos criterios de prioridade a seguir entre dotacións do mesmo posto.

De conformidade co artigo 13, naquelas unidades formadas por un número pequeno de integrantes, asignarase como mínimo preceptividade a unha das súas dotacións dentro do período de planificación. O artigo 14 contempla a supresión da





CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

data de preceptividade e a súa posterior asignación a outro posto de traballo cando a asignada a un posto non responda aos criterios previstos no Proxecto.

O Capítulo IV, relativo á “Acreditación dos Perfís Lingüísticos”, está integrado polos artigos 15 e 16 nos que sinteticamente se vén a determinar que a citada acreditación polos funcionarios afectados poderá efectuarse mediante a superación das correspondentes probas que realice a tal efecto o Instituto Vasco de Administración Pública, establécense as regras sobre desenvolvemento das probas e dispónse que os perfís acreditados se inscribirán no Rexistro de Perfís Lingüísticos constituído no Instituto Vasco de Administración Pública.

O Capítulo V sobre “Régime de Exencións”, está integrado polo artigo 17, no que se sinala que os titulares de dotacións afectadas pola asignación de perfil lingüístico preceptivo, deberán acreditarlo para a data indicada na Relación de Postos de Traballo, aplicándose o réxime de exencións previsto no Decreto 86/1997, de 15 de abril.

O Capítulo VI, relativo a “Pautas de emprego das linguas oficiais” está integrado polo artigo 18, no que se establecen como pautas de emprego: a) a comunicación oral, en relación coa cal dispónse que as mensaxes orais dirixidas a receptores indeterminados se emitirán en éuscaro e castelán por esta orde; o persoal con coñecementos de éuscaro dirixirase nesta lingua á cidadanía, para posteriormente continuar na lingua elixida polo cidadán. Se o cidadán se dirixe ao empregado en éuscaro ou require que se lle preste atención nesta lingua, o persoal que non teña coñecementos suficientes, solicitará a colaboración dun empregado bilingüe; b) a comunicación escrita, en relación coa cal dispónse que as notificacións e citacións que deban ser remitidas aos cidadáns estarán redactadas en éuscaro e castelán. O precepto establece tamén que o Departamento de Xustiza, Emprego e Seguridade Social garantizará o emprego do éuscaro en calquera tipo de comunicación coa cidadanía e a tramitación bilingüe dos documentos dirixidos directamente á cidadanía.



#### CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O Capítulo VII contempla, nos artigos 19 a 22, os “Cursos de capacitación lingüística”, contemplando, entre outros aspectos, a orde de prioridade na selección do persoal funcionario que vaia concorrer aos cursos; os criterios de selección e as autorizacións para asistencia a cursos.

O Capítulo VIII regula os “Programas para o fomento do emprego do éuscaro na Oficina Xudicial e Fiscalías”, dispoñendo no artigo 23 a elaboración da Programas de Emprego do Éuscaro nas oficinas dos órganos e servizos xudiciais e nas Fiscalías que se determinen como prioritarias ou nos casos en que concorran circunstancias que favorezan e fagan viable o desenvolvemento destes programas, e se determina o contido e desenvolvemento dos mesmos.

Por último, as Disposicións adicionais contemplan aspectos relativos: á data inicial do proceso de asignación de perfís lingüísticos que será a correspondente ao día de publicación da Relación de Postos de Traballo (disposición adicional primeira); a celebración de acordos de colaboración para materializar a capacitación lingüística ata o nivel correspondente ao perfil 4 (disposición adicional segunda); a efectos das actuacións que a Comunidade Autónoma poida desenvolver en relación con Xuíces, Maxistrados, Secretarios Xudiciais e Fiscais, no marco de convenios de normalización lingüística ou de formación subscritos ou que poidan subscribirse co Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza, tomaranse en consideración os perfís lingüísticos 2, 3 e 4 (disposición adicional terceira); contéplase a previsión de incluír no funcionamento das Unidades e Servizos Comúns, a existencia das Unidades, Subunidades ou dotacións que terán como función asignada a atención á cidadanía e a tramitación de procedementos en éuscaro, nas que o criterio lingüístico será determinante á hora de organizar os servizos (disposición adicional cuarta); establécese que na ordenación dos requisitos lingüísticos aos postos, se poderán asignar datas de preceptividade diferidas (disposición adicional quinta); e por último dispónse que nos procesos de provisión, reasignación ou reordenación de postos de traballo con perfil 3 ou 4, así coma no caso das preceptividades asignadas aos postos de



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Responsables, de non acreditarse dito perfil por ningún dos solicitantes, se aplicará o inmediatamente inferior aos únicos efectos de cobertura de dita convocatoria, debendo superar o perfil superior no prazo dos dous anos seguintes (disposición adicional sexta).

A disposición transitoria primeira determina os índices de preceptividade correspondentes aos diferentes partidos xudiciais. E a disposición transitoria segunda dispón que se acompañarán os tempos de avaliación tanto da execución do presente Decreto como dos que resulten do futuro Plan de normalización do emprego do éuscaro na Administración de Xustiza.

A disposición derogatoria vén a derogar as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido no Proxecto. E as disposicións finais facultan ao Conselleiro de Xustiza, Emprego e Seguridade Social para ditar as disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido no mesmo (disposición final primeira) e determinan que o Decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do País Vasco.

## VI

### **EXAME DO PROXECTO DE DECRETO**

Con carácter previo ás consideracións de fondo sobre o referido Proxecto, e dende unha perspectiva estritamente formal, é obrigado advertir que a Administración autonómica carece de atribucións para determinar o prazo de emisión de informes por este Órgano constitucional e, menos aínda, para determinar as consecuencias derivadas da non emisión do informe no prazo sinalado taxativamente pola mesma, razón pola cal debe desestimarse a pretensión formulada no oficio de remisión da solicitude de informe ao presente Proxecto.



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O Proxecto que se informa ten por obxecto garantir o emprego do éuscaro nos órganos e servizos da Administración de Xustiza da Comunidade Autónoma do País Vasco. Para a consecución do mencionado obxectivo prevén a asignación de perfís lingüísticos ás dotacións dos cadros de persoal e relacións de postos de traballo na referida Administración.

A cuestión central que se presenta é daquela a atinente á valoración do éuscaro no ámbito da Administración de Xustiza e, máis concretamente, á consideración da referida lingua autonómica como presuposto para acceder a determinados postos de traballo nos órganos ou servizos xudiciais.

En relación a esta cuestión é obrigado advertir que o Consello Xeral do Poder Xudicial manifestou en diversas ocasións o seu parecer sobre o emprego das linguas oficiais na Administración de Xustiza.

Concretamente, nos informes á Orde do Goberno Vasco sobre selección, proposta e nomeamento de funcionarios interinos para cubrir prazas vacantes nos Corpos da Administración de Xustiza no País Vasco, e ao Proxecto de Orde do Goberno Vasco relativo á determinación do cadro de persoal orgánico, aprobados polo Pleno del Consello con data 1 de decembro de 1999 e 27 de xullo de 1998, respectivamente, o Consello puxo de manifesto o dereito a empregar a lingua da Comunidade Autónoma ante os órganos xurisdicionais.

En ambos os dous informes propúgnase a normalización lingüística no ámbito da Administración de Xustiza, normalización cuxo contido debe dirixirse, ante todo, á efectividade do dereito a comunicarse e ser respondido na lingua oficial elixida polo cidadán e a que o proceso se desenvolva na lingua que resulte máis adecuada ao bo fin da xustiza, en función da pluralidade de suxeitos intervinientes nel e das súas respectivas actitudes lingüísticas.



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Do anterior despréndese que o Consello Xeral do Poder Xudicial non é alleo á necesidade de implementar progresivamente a efectiva utilización das linguas autonómicas no ámbito da Administración de Xustiza. Pero este órgano constitucional pronunciouse tamén en relación coa obrigatoriedade do coñecemento do éuscaro para a provisión de postos de traballo na Administración de Xustiza no País Vasco, no seu informe ao Proxecto de Decreto do Goberno Vasco aprobatorio do segundo preacordo entre o Departamento de Xustiza do Goberno Vasco e as organizacións sindicais sobre a modernización na prestación do servizo público da Xustiza, aprobado polo Pleno con data 20 de decembre de 2000.

O informe pronúnciase expresamente sobre a previsión recollida no Proxecto de establecer nos cadros de persoal condicións técnicas e, entre elas, o coñecemento do éuscaro para o desempeño de determinados postos de traballo, nos seguintes termos: “Os coñecementos específicos de éuscaro deberán valorarse como mérito nos concursos de traslados conforme aos disposto no artigo 471 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, pero non como presuposto indispensable ou condición técnica para poder optar en concurso a unha determinada praza”.

Ademais, en relación co capítulo sétimo do Proxecto, referido á futura aprobación dun Plan de Normalización Lingüística na Administración de Xustiza, que debería contemplar, entre outros elementos básicos, o perfil lingüístico de todos os postos de cada órgano xudicial, secretaría ou servizo, o mencionado informe conclúe que: “O Decreto polo que se establecería o perfil lingüístico e as convocatorias que se levarán a cabo para cubrir os postos de traballo con perfil lingüístico deberían respectar necesariamente, o límite fixado polo artigo 471 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, é dicir, que os coñecementos específicos de éuscaro deberán valorarse como mérito nos concursos de traslados, pero non como presuposto indispensable ou condición técnica para poder optar en concurso a unha determinada praza”.



## CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Por último, debe poñerse de manifesto que o Proxecto que se informa ten o seu antecedente máis inmediato no Decreto 117/2001, de 26 de xuño, de medidas para a normalización da Administración de Xustiza na Comunidade Autónoma de Euskadi, tendo en conta que supón a actualización e adaptación do Decreto 117/2001 á modificación efectuada na Lei Orgánica do Poder Xudicial pola Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro, e, especificamente, á regulación que efectúa en relación cos Corpos de Xestión Procesual e Administrativa, Tramitación Procesual e Administrativa, Auxilio Xudicial e Médicos Forenses, dado que o propio Decreto vasco establecía que unha eventual modificación do estatuto xurídico do persoal determinaría unha revisión do plan de normalización lingüística, para realizar aquelas adecuacións que fosen procedentes.

No informe emitido polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, en data 7 de marzo de 2001, en relación co Proxecto que posteriormente deu lugar á aprobación do mencionado Decreto 117/2001, sinalábase que: “En todo caso, a actual inviabilidade legal de esixir o coñecemento do éuscaro como requisito na provisión de determinados postos de traballo na Administración de Xustiza, non exclúe a posibilidade de que o citado coñecemento poida articularse como mérito especialmente relevante naqueles postos de traballo onde o idioma cobre singular importancia (servizos de atención ao público...) dentro do respecto ás previsións legais en vigor”. Nesta liña, o informe propugnaba a supresión da consideración como “requisito esencial” do perfil lingüístico e substituírse por “proceda ou sexa procedente para o bo funcionamento do servizo”; na mesma liña, propúñase a supresión da expresión “en tanto non se asignase perfil lingüístico a un posto de traballo” por “independentemente de que se asignase perfil lingüístico a un posto de traballo, o coñecemento do éuscaro valorarase como mérito..”.

Por último e en relación aos perfís lingüísticos de Xuíces e Maxistrados, sinalábase no mencionado informe que: “este Consello considera que o nivel esixible debe ser o que garanta un coñecemento idóneo e, por tanto, suficiente



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

para o adecuado desempeño da función xurisdiccional, xa que non abonda con ter coñecementos xerais, senón os necesarios para o desempeño dos cometidos xudiciais na lingua propia da Comunidade Autónoma”.

O Decreto 117/2001, que, como se dixo, constitúe o antecedente inmediato do Proxecto que agora se informa, foi obxecto dun conflito positivo de competencias (núm. 5973/2001) formulado polo Goberno ante o Tribunal Constitucional, fronte aos Capítulos II, III, IV e V e Disposicións adicionais primeira, segunda e terceira, que na actualidade se encontra pendente de Sentencia.

No que respecta á xurisprudencia constitucional nesta materia, cabe sinalar que o Tribunal Constitucional non tivo ocasión de pronunciarse de xeito directo sobre o emprego das linguas autonómicas polo persoal ao servizo da Administración de Xustiza, aínda que si o fixo, de forma colateral, na Sentencia 105/2000, de 13 de abril, na que se pronuncia sobre a tacha de inconstitucionalidade dirixida contra o art. 231.4 LOPX, na redacción dada ao mesmo pola Lei Orgánica 16/94 de 8 de novembro, xa que, a xuízo dos recorrentes, dito precepto obrigaba *de facto* aos Xuíces e Maxistrados a coñecer o idioma oficial propio da Comunidade Autónoma, xa que non lles permitía, de oficio, a tradución dos escritos ou documentos redactados en dito idioma.

O Tribunal Constitucional desestimou tal motivo de impugnación ao entender que *“do teor literal da norma cuestionada non cabe inferir (...) que trala súa reforma pola Lei Orgánica 16/1994 se implantase a obriga, que aparecería implícita ou se desprendería de forma indirecta do precepto impugnado, de que os Xuíces e Maxistrados destinados nos órganos xudiciais que teñan a súa sede no territorio dalgunha Comunidade Autónoma que teña unha lingua oficial propia distinta do castelán deban coñecer dita lingua. En efecto, nin o art. 231.4 LOPX sanciona de maneira expresa dita obriga, nin cabe inferir da súa interpretación que a impoña inescusablemente, nin mesmo de xeito implícito”*. E isto –precisa o Tribunal- porque *“negar que os titulares dos órganos xudiciais descoñecedores do*



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

*idioma oficial propio dunha Comunidade Autónoma poidan ordenar de oficio a tradución de algún escrito ou documento con incidencia procesual, sería tanto como impedirles exercer a potestade xurisdiccional que o art. 117.3 CE lles confire en réxime de exclusividade”.*

O Tribunal prosigue afirmando que *“se poñemos en relación a reserva de potestade xurisdiccional que ostentan Xuíces e Maxistrados (...) co fin ao que inmediatamente serve, é dicir, garantir a todos o dereito á tutela xudicial efectiva sen indefensión que solemnemente consagra o art. 24.1 CE, doadamente se colixe que, **se o titular do órgano xurisdiccional non comprende un documento redactado nunha lingua distinta do castelán que sexa cooficial na Comunidade Autónoma na cal radica o órgano, o titular deste non só está facultado para ordenar a súa tradución, senón que debe considerarse obrigado a isto para cumprir a función que lle é propia”** (FX.11).*

O razoamento que se recolle na Sentencia citada parte do presuposto de que os Xuíces e Maxistrados non están obrigados, consonte á lexislación vixente, a coñecer o idioma propio da Comunidade Autónoma en cuxo territorio se atopen destinados, o que se cohonesta coa solución legal actualmente vixente que configura o coñecemento das linguas propias das Comunidades Autónomas como mérito preferente para a provisión de prazas nos órganos xudiciais con sede nos seus respectivos territorios (art. 341 LOPX).

No que respecta ao persoal ao servizo da Administración de Xustiza, a xurisprudencia constitucional recoñeceu ademais o carácter de mérito preferente que se atribúe ao coñecemento da lingua propia na convocatoria das correspondentes probas selectivas (STC 56/1990), consonte ao criterio xeral que, en materia de acceso á función pública, veu a establecer a STC 46/1991, de 28 de febreiro, na que se afirma que *“a esixencia de coñecemento do idioma que é oficial no territorio onde actúa a Administración á que se aspira a servir é perfectamente incluíble dentro dos méritos e capacidades requiridas”*. Considera o Tribunal que o





CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

coñecemento da lingua autonómica constitúe *“unha esixencia, con cuxa acreditación se dá satisfacción a ditos principios constitucionais, na medida en que se trata dunha capacidade e un mérito que (...) debe acreditarse e valorarse en relación coa función a desempeñar, e, por tanto, garda a debida relación co mérito e capacidade, tal como impón o art. 103.3 CE”* (FX. 3). Aínda que se afirma tamén a inescusable esixencia do principio de proporcionalidade en función do tipo e nivel do posto a desempeñar *“xa que sería contrario ao dereito á igualdade no acceso á función pública, esixir un nivel de coñecemento do (catalán) sen relación ningunha coa capacidade requirida para desempeñar a función de que se trate. Certamente, unha aplicación desproporcionada do precepto legal podería levar a resultados discriminatorios, contrario tanto ao art. 14 como ao 23.2 CE”* (FX. 4).

Os principios e criterios xerais recoñecidos pola xurisprudencia constitucional ten o seu reflexo na actual regulación que, deste xeito, se efectúa na Lei Orgánica do Poder Xudicial, cuxo artigo 530 (engadido pola Lei Orgánica 19/2003, de 23 de decembro) dispón que: *“Nas convocatorias para postos de traballo nas Comunidades Autónomas con competencias asumidas cuxa lingua propia teña carácter oficial, valorarase como mérito o coñecemento oral e escrito da mesma. En determinados postos, poderá considerarse como requisito esixible para o acceso aos mesmos, cando da natureza das funcións a desempeñar se derive dita esixencia e así se estableza nas relacións de postos de traballo”*.

De conformidade co marco xurídico exposto, procede efectuar as seguintes consideracións en relación co contido do Proxecto de Decreto sometido a informe deste Consello:

O Proxecto que se informa ten por obxecto a regulación do proceso de normalización lingüística para os funcionarios dos Corpos de Xestión Procesual e Administrativa, Corpo de Tramitación Procesual e Administrativa, Corpo de Auxilio Xudicial e Corpo de Médicos Forenses.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O Proxecto non constitúe propiamente unha norma de directa aplicación, en canto que vén a establecer as regras e criterios xerais que deberán ser tidos en conta na aprobación posterior do Plan de normalización do emprego do éuscaro na Administración de Xustiza en Euskadi e, por tanto, o que no mesmo se determinan son propiamente as medidas que deberán adoptarse para levar a cabo dita normalización.

O artigo 3.1.a) inclúe entre estas medidas: *“A ordenación da asignación de perfís lingüísticos a **todos** os postos da relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, así como no seu caso, a data de preceptividade”*.

Dita previsión supón un salto cualitativo de carácter relevante no proceso de normalización, respecto da regulación efectuada polo Decreto 117/2000, no que se contemplaba dita asignación para determinados postos. Neste sentido, a asignación dun determinado perfil lingüístico a todos os postos e a esixencia de preceptividade a partir dunha determinada data, implicará a esixencia dun determinado nivel de coñecemento da lingua autonómica, con carácter preceptivo, para a cobertura de todos os postos incluídos nas relacións de postos de traballo nos que se inclúa unha data de preceptividade, o que parece exceder do marco actual, cuxo eixo é que a esixencia de coñecemento oral e escrito da lingua autonómica resulte esixible para aqueles postos que pola súa natureza ou características fagan necesario dito coñecemento.

A regulación concreta dos “Perfís lingüísticos” efectúase no Capítulo II do Proxecto, cuxo artigo 4.2 determina que *“o perfil lingüístico así como, no seu caso, a data de preceptividade, figurará nas relacións de postos de traballo”*. E o artigo 4.2 sinala que: *“Nos supostos en que así veña determinado nas correspondentes relacións de postos de traballo, o coñecemento do éuscaro será requisito indispensable”*.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

A configuración do coñecemento do éuscaro como “requisito indispensable” para o acceso aos postos que así se determine na relacións de postos de traballo non se acomoda ás previsións dos arts. 521 e 530 da Lei Orgánica do Poder Xudicial, que configuran dito coñecemento co carácter de “mérito preferente” pero, en ningún caso como presuposto inescusable para o acceso, polo que dita expresión debería substituír por outra máis axustada ás actuais previsións do ordenamento aplicable, quer sexa a de “requisito esixible” que se recolle no artigo 530 LOPX, quer a de “requisito determinante” que se contempla para os postos singularizados no art. 521 da Lei Orgánica.

A isto cabería engadir a conveniencia de que no propio precepto se especifique que dita esixencia se aplicará “cando derive da natureza ou características das funcións asignadas ao posto”, o que se axusta máis adecuadamente aos termos previstos na lexislación vixente.

O artigo 4.3, segundo inciso determina que: *“No resto dos casos, valorarase como mérito nos termos previstos na Lei Orgánica do Poder Xudicial...”*.

O sinalado neste inciso parece salvagardar de forma suficiente a consideración do coñecemento da lingua autonómica como mérito nos procesos selectivos. Sen embargo, ao longo do articulado de Proxecto obsérvase unha contradición entre o sinalado neste precepto e a vontade explícita do texto de asignación de perfís lingüísticos preceptivos a un número moi amplo dos postos das relacións de postos de traballo. A preceptividade ou obrigatoriedade fai do coñecemento da lingua un requisito de obrigado cumprimento e por tanto non susceptible de valorarse como mérito, e así se deduce con claridade do disposto no artigo 17: *“Os e as titulares de dotacións afectadas pola asignación de perfil lingüístico preceptivo, deberán acreditarlo para a data indicada na Relación de Postos de Traballo”* e na disposición adicional quinta: *“...na ordenación dos requisitos lingüísticos aos postos, ademais das datas de preceptividade vencidas na data de aprobación da mesma, tamén se prevé a posibilidade de asignar datas*



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

*de preceptividade diferidas, coincidentes coas dúas etapas ás que se refire o artigo 8 do presente Decreto, momento no que dita preceptividade operará como **requisito esencial do posto de traballo afectado***”.

Por tanto, e co fin de adecuar a redacción do precepto á normativa aplicable, resultaría conveniente que neste inciso se especificase que: **“No resto dos casos, e mesmo no suposto de que teñan asignado un perfil lingüístico con carácter preceptivo, valorarase como mérito nos termos previstos na Lei Orgánica do Poder Xudicial...”**.

A disposición adicional terceira establece que: *“A efectos das actuacións que a Administración da Comunidade Autónoma de Euskadi poida desenvolver en relación con Xuíces e Maxistrados, Secretarios Xudiciais e Fiscais no marco dos convenios de normalización lingüística ou de formación subscritos ou que poidan subscribirse co Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza, tomaranse en consideración os perfís lingüísticos 2, 3 e 4, regulados no decreto 86/1997, de 15 de abril, polo que se regula o proceso de normalización do emprego do éuscaro nas administracións públicas da Comunidade Autónoma de Euskadi”*.

Esta previsión normativa garda relación co Acordo do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial de 21 de outubro de 1998, que aproba o Convenio sobre normalización do emprego do éuscaro en determinados ámbitos da Administración de Xustiza na Comunidade Autónoma vasca, en cuxa parte enunciativa se sinala que:

“Segundo os artigos 109 e seguintes do Regulamento 1/1995, de 7 de xuño, da Carreira Xudicial, na redacción dada polo Acordo de 25 de febreiro de 1998, do Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, procede determinar os títulos oficialmente recoñecidos aos fins de acreditar o coñecemento das linguas propias das Comunidades Autónomas, como mérito preferente nos concursos de traslado



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

dos membros da Carreira Xudicial. Neste sentido, e consonte aos propios termos literais de dito Regulamento e coas necesidades que o servizo público reclama, considérase a efectos da súa valoración como mérito preferente, o nivel de competencia lingüística en éuscaro garantido polo Perfil lingüístico 3, o Certificado de Aptitude de Coñecemento de Éuscaro (EGA) e os diplomas e certificados equivalentes, que garanten un nivel suficiente de coñecemento oral e escrito do éuscaro, como require a normativa vixente.

Sen prexuízo do anterior, e en termos de planificación lingüística de cara a unha futura normativa deberían arbitrarse os mecanismos que permitisen a adquisición e valoración do nivel superior de coñecementos técnicos lingüísticos (Perfil Lingüístico 4) e a valoración doutros niveis intermedios inferiores ao Perfil Lingüístico 3, como podería ser, no seu caso, o Perfil Lingüístico 2, para posibilitar unha graduación na valoración do coñecemento da lingua propia en función dos distintos niveis de competencia”.

**É todo canto ten que informar o Consello Xeral do Poder Xudicial.**

**E para que conste, e teña efectos, estendo e asino a presente en Madrid, a cinco de outubro do ano dous mil cinco.**